

**CARREIRA PROFESIONAL DE DIPLOMADOS SANITARIOS  
CRITERIOS DE XERAL APLICACIÓN  
ACCESO AO GRAO I (2006).  
Resolución do 31 de xullo de 2006 (DOG do 11 de agosto)**

A Comisión Técnica de Avaliación, en exercicio da facultade outorgada no punto 2 da cláusula 8 do Acordo publicado no DOG do 11 de agosto de 2006, acorda fixar os seguintes criterios de xeral aplicación en relación co procedemento para o acceso ao grao I (ano 2006):

1.- Aportación de documentación:

- O solicitante poderán aportar a documentación relativa a “outras actividades” que considere oportuna á vista do baremo.

- A documentación que se aporte para solicitar o grao I quedará incorporada ao EXPEDIENTE PERSOAL DE CARREIRA PROFESIONAL do solicitante, de forma que poderá ser tomada en consideración para o acceso ao grao II e sucesivos na medida en que proceda consonte aos sucesivos baremos. En consecuencia, non prexudicará ao solicitante a aportación de documentación “excesiva” para o acceso ao grao I.

Porén, informarase aos solicitantes que neste intre non resulta preciso acreditar todas as actividades realizadas, xa que as futuras resolucións que inicien o prazo para acceder aos sucesivos graos posibilitarán a presentación de nova documentación.

2.- Avaliación:

En atención ao principio de economía (o relevante para acceder ao grao I é acadar unha avaliación favorable), e neste intre inicial no que se impón acadar celeridade na tramitación do procedemento, o proceso de avaliación dos comités axustarase ás seguintes previsións:

- No caso dos solicitantes cuxo nivel de cumprimento dos requerimentos profesionais sexa avaliado polo comité como normal ou alto, non será preciso avaliar as “outras actividades”.
- No caso dos solicitantes cuxo nivel de cumprimento dos requerimentos profesionais sexa avaliado polo comité como baixo, a valoración numérica do resto dos apartados (“outras actividades”) unicamente será precisa ata chegar aos 70 puntos necesarios para acadar a avaliación favorable.
- De acordo co que antecede, a valoración total numérica e parcial por apartados realizarase unicamente no caso dos solicitantes que non acaden o total de 70 puntos, coa finalidade de que estes dispoñan dos elementos necesarios para defender a súa autoavaliación fronte ao criterio do órgano de avaliación.

Neste intre, e coa única finalidade de acelerar o procedemento, pode anticiparse o trámite formal de poñer en coñecemento dos superiores xerárquicos, para a súa revisión, as autoavaliacións de requerimentos realizadas polos solicitantes (sempre sobre a base de que corresponde aos Comités, unha vez constituídos, coñecer o resultado das revisións e formular as propostas de resolución de recoñecemento de grao).

### 3.- Propostas de resolución:

Consonte os comités vaian confirmando as avaliacións, os comités procederán a remitir á División de Recursos Humanos e Desenvolvemento Profesional a proposta de resolución respecto ao recoñecemento do grao I (disposición sétima da resolución do 31 de xullo-DOG do 11 de agosto).

Todas ou parte das propostas favorables ao recoñecemento poderán refundirse nun único escrito, relacionando en todo caso o nome dos solicitantes, o seu DNI e a categoría profesional.

As propostas desfavorables ao recoñecemento, coa debida motivación, serán remitidas de forma separada, achegando copia do expediente.

□

ACORDO SOBRE CARREIRA PROFESIONAL DE DIPLOMADOS  
SANITARIOS (DOG do 11 de agosto DE 2006)  
COMISIÓN DE SEGUIMIENTO (15.09.06)  
RÉXIME EXTRAORDINARIO-ACCESO GRAO I 2006

A Comisión de Seguimento do Acordo sobre carreira profesional de Diplomados Sanitarios, de conformidade co previsto cláusula 8 do mesmo acorda, en relación coa composición dos Comités Técnicos de Avaliación (acceso a grao I, ano 2006), o seguinte:

- Os Comités de Avaliación terán 9 membros que serán designados por resolución das Xerencias (4 por proposta das organizacións sindicais asinantes do Acordo).
- Presidencia: Dirección de Enfermería ou equivalente.
- Secretario: persoal fixo de xestión e servizos (grupo B ou superior) vinculado á Dirección de Recursos Humanos da institución.
- O resto dos membros deberán ser persoal estatutario fixo das categorías de diplomados sanitarios.
- Sen prexuízo de que exista un único Comité de Avaliación, na designación dos seus membros garantirase a participación, cando proceda e na medida en que resulte posible para a institución, de profesionais da categoría concreta obxecto de avaliación.

□

ACORDO SOBRE CARREIRA PROFESIONAL DE DIPLOMADOS  
SANITARIOS (DOG do 11 de agosto DE 2006)  
COMISIÓN DE SEGUIMIENTO (15.09.06)  
RÉXIME EXTRAORDINARIO-ACCESO GRAO I 2006

A Comisión de Seguimento do Acordo, en exercicio da facultade outorgada na cláusula 12 do mesmo, acorda que a percepción do complemento de carreira correspondente a xullo-decembro de 2006 (825 €) se realice nun único pagamento, sen prexuízo do seu devengo mensual e as regularizacións que proceda realizar polos períodos en situación distinta á de activo.

□